

COMUNICACIÓN DE APERTURA / INICIO DE ACTIVIDADE

¿CÁNDO SE PRESENTA?

Unha vez rematadas as obras previamente autorizadas ou comunicadas con destino a unha determinada actividade (uso distinto do de vivenda), a posta en marcha da mesma require presentar previamente unha *comunicación de apertura*. Este trámite tamén é obrigatorio cando non fora necesario realizar obras, se por exemplo se produce un cambio (sustancial ou non) na actividade. Para os *cambios de titular* existe un modelo específico de *comunicación*.

INSTRUCCIÓNS PARA CUBRIR A COMUNICACIÓN DE APERTURA:

- a) Actividade a realizar: epígrafe do IAE e, de ser o caso, do Catálogo autonómico de espectáculos e actividades recreativas
- b) Localización: referencia catastral

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA COMUNICACIÓN DE APERTURA:

- a) Xustificante do pagamento das taxas
- b) Se foi necesario facer obras maiores ou menores que requiriron proxecto técnico (de obra/actividade): certificado de fin de obra no que se identifique a licenza/comunicación da obra
- c) Se non foron necesarias obras, pero se trata dunha nova actividade ou se modifica sustancialmente a que ten autorizada/comunicada o local: proxecto técnico de actividade e autorizacións/declaración/informes ambientais/sectoriais que sexan preceptivos
- d) Seguro de RC.
- e) Actividades recreativas e espectáculos públicos incluídos no Catálogo autonómico e recintos ruidosos (segundo a definición do documento básico DB-HR): certificado de acústica.

[DESCARGAR AQUÍ O FORMULARIO DE COMUNICACIÓN DE APERTURA / INICIO ACTIVIDADE](#)